

TEMA 6. SOMOS DETECTIVES DO PASADO

1. COMO INVESTIGAMOS O PASADO?


1.1 A historia

É a que estuda quen eran e como vivían as persoas que viviron en tempos pasados.

Este traballo o realizan os historiadores e historiadoras, que analizan os feitos que sucederon. Para isto, precisan analizar os restos que quedan do pasado.

Estes restos chámanse fontes históricas.

As fontes históricas poden ser escritas ou non escritas.



1. 2. O paso do tempo

O **pasado** é o que sucedeu antes.

O que está sucedendo é o **presente**.

O que sucederá é o **futuro**.

1.3. A historia persoal

A nosa historia persoal son os feitos importantes que sucederon na nosa vida,

Podemos recordalos con fotos, obxecto de cando eramos pequenos...

2. A MEDIDA DO TEMPO

2.1 Como se mide o tempo?

Usamos algúns instrumentos: reloxos e calendarios

O dividimos en períodos: Segundos, minutos, horas, días, meses e anos.

Ademais, os anos poden agruparse en:

- Lustros: 5 anos
- Décadas: 10 anos
- Séculos: 100 anos. Escríbense con números romanos. É o máis empregado para medir o pasado histórico.
- Milenio: 1.000 anos.

2.2. O tempo antes e despois de Cristo

Ordenamos os anos tendo como referencia o nacemento de Xesucristo.

a.C. antes de Cristo

d.C. despois de Cristo

2.3. A liña do tempo

Os sucesos do pasado pódense representar de forma ordenada nunha liña do tem

3. COMO ORGANIZAMOS O PASADO?

3.1. As idades da historia

Prehistoria. A parecen os seres humanos

Idade Antiga. Invéntase a escritura

Idade Media. Caída do Imperio Romano

Idade Moderna. Descubrimento de América

Idade Contemporánea. Revolución Francesa. É a actual.

4. A VIDA NA PREHISTORIA

Os primeiros seres humanos viaxaban dun lugar a outro buscando alimentos, e dicir, eran nómadas.

Vivían en tribos.

Fabricaban ferramentas con pedras, paus e ósos.

Pouco a pouco, foron cultivando as plantas e criando aos animais polo que xa non se tiñan que mover dun lugar a outro, fixéronse sedentarios.

5. A VIDA NA ÉPOCA ROMANA

Os romanos crearon as cidades comunicadas por calzadas. Construíron: pontes, termas, teatros, anfiteatros, templos...

Os romanos ricos vivían en grandes casas chamadas domus.

Tamén había escravos que non tiñan dereitos

6. A VIDA NA ÉPOCA DOS CASTELOS (IDADE MEDIA)

Os reis e os nobres vivían nos castelos.

Cerca dos castelos vivían os campesiños en casas de madeira e palla. Traballaban no campo.

Tamén había comerciantes e artesáns que vivían en cidades pequenas.

Os monxes vivían nos mosteiros onde rezaban e copiaban os libros a man.

Desprazábanse a pé, a cabalo ou en carros tirados por animais. Tamén usaban barcas a remo e barcos de vela.

7. A VIDA NA IDADE MODERNA

Foi unha época na que se produciron cambios importantes:

- Descubrimento de América. Cristovo Colón chegou a América e trouxo alimentos como a pataca, o chocolate e o tomate.
- Descubriron que a Terra é redonda e xira arredor do Sol
- Inventan a imprenta
- Outros inventos desta época son o piano e o telescopio

8. A VIDA NA ÉPOCA DAS PRIMEIRAS FÁBRICAS (REVOLUCIÓN INDUSTRIAL)

Industria=fábrica

A Idade Contemporánea comezou coa aparición das primeiras fábricas. Os traballadores das fábricas chámanse obreiros.

Nesta época houbo moitos avances. Inventouse o ferrocarril, o barco de vapor, os primeiros coches e avións, as vacinas, o cine, o teléfono, a radio...

9. A VIDA NA NOSA ÉPOCA

Na actualidade a maioría das persoas viven nas cidades.

Os medios de transorte evolucionaron moito.

Houbo grandes avances en medicina e en tecnoloxía